



Páx 2

DEPUTACIÓN: Museo de Pontevedra

Páx 3-5

COMARCA: Análise do borrador da Lei de Bases de Réxime Local

Páx 5

COMARCA: Solidariedade con sindicalistas

Páx 6

POIO: Polígono industrial de Fragamoreira

Páx 7

MORAÑA: A política cultural do PP

Páx 8

SOUTOMAIOR: Abandono no entorno do antigo museo Xosé Solla
SOUTOMAIOR: Festa nacionalista

Páx 9

BARRO: PO-531
BARRO: Reclamacións IBI

Páx 10

PORTAS: O BNG esixe a dimisión do Alcalde
CALDAS: O BNG quere que a Igrexa pague o IBI

Páx 11

PONTEVEDRA: Actividade festiva

Manifestación ás 12 h. na alameda de Compostela

Rescata os teus dereitos !

Nun contexto político, social e económico extraordinariamente difícil, onde o PP, seguindo as directrices da Unión Europea, está a acabar cos máis elementais dereitos laborais e sociais, compre máis que nunca unha resposta enérxica e de país.

O lema ten un dobre significado: fronte aos que propugnan e teñen como único obxectivo rescatar aos poderosos, aos causantes da crise, o BNG ten como prioridade rescatar á maioría social; e fronte a un PP que quere rescatar á banca privada a costa de recortar os servizos públicos, o BNG chama a rescatar os dereitos roubados, e a facelo en Bloque, de xeito colectivo.

O BNG fará unha intensa campaña coa que queremos facer un chamamento a transformar a indignación en actuación, a necesidade de organizarse e de actuar. Chamamos a esa Galiza que se move en defensa do ensino público, da sanidade pública, en contra da estafa das preferentes ou contra a reforma

laboral a que se sumen ao proxecto do BNG, no convencemento de que este traballo colectivo terá os seus froitos.

Rescatar os dereitos individuais e colectivos

A campaña do BNG non só busca rescatar os dereitos individuais e senón tamén os colectivos de Galiza como nación. E é que estamos nun contexto no que hai unha clara recentralización no Estado español, na que coinciden tanto PSOE como PP, e no que cada vez perdemos máis soberanía en favor de poderes afastados e non democráticos. Por iso o BNG reivindica a soberanía para Galiza para poder resolver os nosos problemas, conquistar o futuro e defender a nosa identidade nacional.

Xantar comarcal

Como todos os anos o BNG organiza un xantar na carballeira e fleta autobuses para asistir á manifestación. Infórmate no local comarcal



Acto Público

coa participación de:

Lidia Salgueiro, Luciano Sobral e Guillermo Vázquez

Martes 10 ás 21 h.
Praza da Granxa (Campelo)

Só a presión política e social poderá impedir que o PP consuma o control político do Museo

Desde hai xa algún tempo o Partido Popular da Deputación de Pontevedra está a exercer un control absoluto do Museo que os levou a cambiar o Patronato orixinal por un Organismo Autónomo e á creación da figura do Director de Xestión.

O nomeamento de Ana Isabel Vázquez, concelleira en Pontevedra, vicepresidenta da Deputación e responsábel política máxima do Museo como presidenta do Consello Reitor foi unha volta máis nese control férreo que queren exercer.

Comezaron un traballo de acoso e derribo contra o Museo con interferencias continuas na toma de decisións en ámbitos como a exhibición dos fondos ou o uso dos espazos.

Desta época son propostas como instalar o restaurante previsto no sexto edificio nunha sala do edificio Sarmiento dedicada aos miliarios e aras romanas; desmantelar a biblioteca do Museo e reducir drasticamente os horarios de acceso para os investigadores a tres horas diarias; propoñer que pezas de grande valor que ocupan moito espazo (miliarios e demais) se lle cedesen ás alcaldías para decorar as rotondas; expulsar do Museo a entidades coas que se fixeran acordos de colaboración e que ocupaban espazos (Coral Polifónica fundada nos anos 20, Bibliófilos Gallegos, Revista Encrucillada)... O grande éxito desta nova etapa que chaman de apertura do Museo foi unha exposición de motos..

Dada a resistencia do equipo do Museo a estas decisións e as denuncias públicas por parte do BNG, de destacados representantes da cultura local e de entidades como a asociación cultural Maio Longo, Louzán optou por disolver o Organismo Autónomo.

As peticións do Alcalde de Pontevedra, de destacados representantes da cultura, e de patronos e benefactores do Museo non puideron impedir que se perpetrara unha decisión que ignora a historia dunha institución que Castelao impulsou nos anos 20 e que agora se converte nun servizo da Deputación como o de Vías e Obras.

Mais o acordo do pleno da Deputación do pasado venres 29 de xuño non é firme. Queda aínda pendente a exposición pública do acordo. E a batalla política e social para evitalo.

Contamos co apoio da maior parte dos patronos e benefactores e de moitas persoas de Pontevedra, incluíndo destacados representantes da dereita, que non están dacordo coa desaparición do Museo como institución con personalidade xurídica propia.

Tamén falta a batalla legal xa que a decisión se tomou sen que houbera ningún acordo previo por parte do organismo autónomo e sen ter en conta a vontade das institucións e persoas que depositaron os seus bens no Museo.

Museo de Pontevedra, ignorancia ou mala fé?

Luís Bará, concelleiro de Patrimonio Histórico no Concello de Pontevedra

O Museo de Pontevedra é por historia, fondos, coleccións e espazos unha institución cultural de primeira orde en Pontevedra e en Galiza. Esta afirmación non implica unha actitude acrítica sobre o modelo de xestión, a musealización dos fondos ou a necesidade de modernización e apertura á sociedade, reclamación que se vén facendo desde instancias diversas nas últimas décadas. Calquera persoa informada que analice con obxectividade a evolución histórica do Museo desde 1927 atopará luces e sombras, acertos e erros, mais é incuestionábel a transcendencia histórica da fundación e a súa permanencia no tempo ao longo de 85 anos.

Con todo, a análise crítica sobre o que debe ser o Museo non é o tema principal neste momento. Agora toca falar sobre cuestións centrais para entender o que está pasando. Sobre a torpeza con que o PP de Louzán entrou no Museo, comisariados políticos por medio, para propoñer auténticas aberracións no tratamento dos fondos e na organización dos espazos. Sobre a falta de rigor nas cuestións artísticas e patrimoniais. Sobre a ignorancia do que representa a institución para Pontevedra. Sobre a falta de sensibilidade na relación cos patronos e benefactores do Museo.

Esta dereita iletrada que goberna a Deputación non ten nada que ver coa Pontevedra conservadora e amante da cultura que lle deu vida, sentido e amplitude de miras á cidade nos anos 20 e 30. O amor a Pontevedra e a Galiza converteu o Museo en depositario de bibliotecas e coleccións de incalculábel valor, desde a inmensa avinza de Castelao, primeiro incautada e máis tarde depositada no Museo polos seus herdeiros e albaceas, ata os legados de José Casal, Sebastián González García-Paz, José Filgueira Valverde, Álvaro Gil, Luciano García Alén e moitos máis.

A desaparición do Museo como organismo dotado de entidade xurídica propia, tal como o pensaron os seus fundadores, pode explicarse a partir da ignorancia do significado histórico desde feito transcendental. Mais só a mala fe, o afán destrutivo, o ánimo de vinganza e o matonismo político poden xustificar unha tropelía como a que quere perpetrar o louzanismo. Vai consentir a dereita pontevedresa de hoxe tal exercicio de barbarie?

O borrador da Lei de Bases de Réxime Local que prepara o Estado suprime a maior parte dos servizos que na actualidade prestan os concellos

O Goberno do Estado ten elaborada unha proposta de modificación da Lei de Bases de Réxime Local presentada como unha racionalización da Administración Local que evite duplicidades. A pretensión real, reiteradamente explicitada no documento, é a imposición da chamada "estabilidade orzamentaria (léase recortes) e a supresión de parte dos servizos que actualmente prestan os concellos. A maiores, no canto de suprimir as Deputacións Provinciais, reforzan o seu papel, ao tempo que convirten aos concellos de menos de 20.000 habitantes en meras pedanías.

Nas seguintes liñas procederemos a analizar as consecuencias concretas que, de aprobarse a modificación na súa actual redacción, tería no Concello de Pontevedra.

Vexamos como quedan as competencias/servizos que actualmente exerce o Concello de Pontevedra, ben directamente, ben a través dos Organismos Autónomos Pazo da Cultura e Instituto Municipal de Deportes, Empresa Municipal de Turismo, así como as que exercen outras Administracións e, polo tanto, non o fai o Concello para evitar duplicidades.

Competencias e Servizos propios municipais

En principio, son aquelas competencias que o Concello pode exercer, ou, correlativamente, os servizos que pode prestar. Divídense en obrigatorias e optativas.

Competencias/servizos obrigatorios:

Son aquelas que, en principio, o Concello ten

que prestar necesariamente, agás que a preste outra Administración. Serían as seguintes:

alumeado público, cemiterio, recollida e tratamento de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de água potábel, saneamento, acceso aos núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas, control de alimentos e bebidas, parques públicos, biblioteca pública, mercado, protección civil, benestar e asistencia social primaria., prevención e extinción de incendios, instalacións deportivas de uso público, transporte colectivo urbano de viaxeiros, protección do medio ambiente. Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística no urbano e núcleos rurais. Padrón municipal de habitantes.

No caso do Concello de Pontevedra estanse a prestar todas e cada unha delas, agás dúas que criarían duplicidades e sobregasto: as de Biblioteca Pública por existir varias de outras administracións e o transporte colectivo urbano de viaxeiros que presta e xestiona a Xunta de Galiza.

Competencias/servizos voluntarios:

Son as que se poden prestar con carácter voluntario, pero de xeito restritivo, condicionadas tanto ao cumprimento dos servizos básicos como as posibilidades económicas do Concello. Serían as seguintes:

Protección e xestión do patrimonio histórico. Conservación e rehabilitación da edificación. Seguridade en lugares de concorrencia pública e Policía Local. Tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade. Transporte de mercancías. Promoción turística. Protección de consumidores e usuarios. Promoción do deporte e de ocupación do tempo libre. Promoción da cultura e equipamentos culturais. Arquivos e museos.

O Concello de Pontevedra está prestando todos estes servizos; algúns en exclusiva, outros compartidos como sucede coa concorrencia e reparto de funcións das Policías, Garda Civil e Garda Civil de Tráfico, con arquivos e museos, tamén prestadas pola Deputación e polo Estado, e algunha son prestadas por outras Administracións, como poden ser as Oficinas de Consumo.

De apurar a situación económica e a asfixia financeira dos Concellos, coa futura Lei terían que deixar de prestarse parte ou case todos. Probabelmente, os únicos que se salvarían serían os de Policía Local e funcións asociadas.

Competencias/Servizos improprios

Son aqueles que a Lei pretende, con carácter xeral, prohibir que se presten polos Concellos. Entre eles estarían:

- Vixiancia, promoción, prevención e protección da saúde pública: desratización, desinfectación e desinsectación; hábitos de vida saudábeis; censos de animais, recollida e custodia de animais, canceira; recollida de animais mortos..
- Os servizos sociais mais alá da asistencia social primaria.
- Cooperar coa Administración educativa na creación de centros e o sostemento dos centros públicos da educación obrigatoria.
- Participación na xestión da atención primaria da saúde. Drogodependencias.
- Becas, axudas, comedores escolares.
- Desenvolvemento económico local. Promoción económica. Recintos feirais.
- Políticas activas de emprego, formación ocupacional e fomento do emprego.

- Relacións de convivencia cidadá: venta e consumo de alcohol, vandalismo, conflitos veciñais.
- Novas tecnoloxías da información e da comunicación.
- Cooperación ao desenvolvemento.
- Promoción da Igualdade.
- Políticas de Xuventude.
- Normalización Lingüística.
- Dotación de terreos para equipamentos de outras Administracións, por exemplo o Edificio Xudicial da Parda.
- Políticas de vivenda.

O Concello de Pontevedra está a prestar todos estes servizos. Tal e como está o borrador da Lei, case que obrigatoriamente tería que deixar de prestalos todos; dificilmente poderá salvarse algún agás que se modifique o Borrador de Lei ou que se aplique nun sentido bastante laxo.

En principio, e agás oposición frontal de Concellos e cidadáns, non parece estar nas previsións do Goberno do Estado tal relaxación na imposición de "recortes" na prestación de servizos dos Concellos.

O BNG solidarízase cos sindicalistas condeados pola súa participación na folga do comercio de alimentación en 2009

A condea a 3 anos de cadea ditada polo Xulgado do Penal nº 1 de Pontevedra a dous sindicalistas da CIG (Marcos Cadórniga e Carlos Alján) e un de CCOO pola súa participación na Folga do Sector da Alimentación no ano 2009 é un verdadeiro despropósito que o único que busca é sementar o medo e dificultar, cando non impedir, a acción sindical en defensa dos dereitos das traballadoras e traballadores.

Manifestación, martes 17 ás 11:30 h. dende a Praza da Ferraría

A responsábel comarcal, Anxos Riveiro, quere amosar a súa total solidariedade cos sindicalistas condeados, ao tempo que anuncia que o BNG participará na manifestación convocada pola CIG, CCOO e UXT para o vindeiro **martes 17 de xullo, ás 11:30 h. con saída da Praza da Ferraría e remate diante da Audiencia Provincial.**

Poio

O concello aproba o Plan Parcial do Polígono Industrial de Fragamoreira

O pasado 26 de xuño aprobouse polo Pleno o Plan Parcial do Polígono Industrial de Fragamoreira. Ponse así fin a unha tramitación administrativa que estivo boicoteada en todo momento polos gobernos do Partido Popular, tanto na Xunta de Galiza como na Deputación Provincial.

O polígono industrial de Fragamoreira é un proxecto que naceu en 2000 con motivo da aprobación do Plan de Ordenación de Poio, no que se incluía un solo urbanizábel de 340 mil metros cuadrados en Fragamoreira.

A posta en funcionamento deste polígono estaba íntimamente ligada á construción da alternativa Norte que lle daría os accesos necesarios que a estrada do Muiño facía imposible. En novembro de 2003 inaugurouse esta estrada e xa dende un ano antes, o Equipo de Goberno, viña facendo xestións para que a Xunta de Galiza puxera en marcha o Polígono de Fragamoreira, xa que a súa situación perto de Pontevedra, e perfectamente comunicado por autoestrada co Porto de Marín e Vigo, facían que o interese do empresariado de Poio e da comarca de Pontevedra polo mesmo fose a primeira alternativa para a posta en marcha de novos proxectos empresariais ou a ampliación dos existentes.

A pesar das evidentes razóns do interese comarcal deste polígono, a Xunta de Galiza, gobernada polo PP, decidira non sacalo adiante. Ante esta desidia, o Concello xa no ano 2003 tomara a decisión, a pesar do esforzo administrativo

e financeiro que este proxecto supuña, construído por iniciativa municipal mediante a constitución dunha empresa pública.

Co cambio de goberno na Xunta de Galiza, e sendo

evidente que a construción do polígono non era un capricho senón que tiña un importante interese comarcal, a Xunta a través de XESTUR, fíxose cargo deste proxecto. Dende o ano 2006, data na que se asinou o convenio con Xestur até 2009, período no cal é competencia do BNG a xestión de XESTUR, elaborase o parcelario do Polígono, contrátase e redáctase o Plan Parcial, adquirense o 20% dos terreos, e expónse ao público en dúas ocasións. Esta tramitación parálizase pola Deputación Provincial cando impide que os accesos ao Polígono se fagan a través da estrada de Campaño.

Despois de tres anos, co goberno do PP na Xunta, pódese aprobar o Plan Parcial, non antes de correxir erros premeditados na redacción do documento que retrasaron a súa aprobación.

O pouco interese do PP neste polígono quedou patente nos Orzamentos da Xunta, onde se destinaron só 2,5 millóns de euros para 2012 cando só a expropiación dos terreos que restan por adquirir supoñen 8 millóns de euros.



Luciano Sobral,
alcalde de Poio

Moraña

O BNG pon de manifesto o pouco interese do PP polas asociacións e a actividade cultural

Despois da aprobación dos Orzamentos Xerais para 2012 por parte do PP co apoio do PSOE, no que se produce unha baixada considerable da partida de subvencións para entidades sen ánimo de lucro, o BNG de Moraña mantivo unha xuntanza, o pasado 27 de xuño, coas asociacións culturais para poñer de manifesto a súa postura ao respecto e coñecer o parecer das Asociacións.

Nesa reunión o BNG deixou claro que non é de recibo que na actual situación se deixen desprotexidas as asociacións, sobre todo nun Concello coma o de Moraña, onde o peso do traballo e actividade cultural recae fundamentalmente nas Asociacións e o único apoio que reciben por parte do Concello se limita precisamente a estas axudas.

Por outra banda, o pasado venres, convocouse despois de case un ano o Consello Municipal da Cultura e da Xuventude, co único obxectivo de dar conta das Bases da convocatoria de subvencións para entidades sen ánimo de lucro.

Un ano máis o BNG levantou a voz en contra do funcionamento deste Consello sectorial, no que non se cumpre nin o seu propio regulamento: non se convoca coa regularidade requirida, non se respecta o seu contido, non se escoita ás Asociacións, baléirase de contido con reunións informais paralelas, etc.

Desde a súa creación, a partir dunha Moción do propio BNG, primeiro o PSOE e agora o PP,

empeñáronse reiteradamente en acabar coa utilidade dun órgano que debería ser o motor e impulso da actividade cultural e xuvenil do Concello.

Cuestión que

resulta especialmente sangrante cando dous anos antes de chegar ao goberno, a actual alcaldesa, daquela representante dunha asociación veciñal (nunha das poucas aparicións na vida cultural de Moraña), asinou un escrito presentado por varias Asociacións integrantes do Consello da Cultura e Xuventude, na que precisamente se recriminaba ao Goberno, daquela en mans do PSOE, a pouca ou nula funcionalidade do Consello, o incumprimento do seu regulamento e a realización de reunións paralelas.

Resulta curioso que na oposición se critique unha postura e que unha vez no Goberno, non só se repite senón que se leva até as súas últimas consecuencias, o que dá mostra da falta de criterio político e da hipocrísia do goberno do PP coa súa alcaldesa á fronte.

Ante esta postura o BNG mantense firme na súa defensa das Asociacións Culturais, no reforzamento do Consello Municipal da Cultura e da Xuventude e na crenza de que outra maneira de facer política cultural en Moraña é posíbel.



Soutomaior



O BNG denuncia a situación na que se atopa o entorno do antigo museo Xosé Solla

O BNG demanda ao Goberno do PP unha actuación inmediata no entorno do Antigo Museo Xosé Solla. O estado ruinoso do edificio obrigou ao Concello a acotar a zona polo risco que supón para os viandantes, pero o paso para os peóns carece de balado e a protección entre dito paso e o edificio é demasiado pequena.

O BNG xa advertiu no último pleno que a protección habilitada se atopaba nun estado lamentábel, coas táboas do paso deformadas polo peso de vehículos que estacionan sobre elas; e con buratos, o que obriga aos transeúntes a andar pola calzada. Ademais, o balado está demasiado perto do edificio, o que ten ocasionado a caída de cascotes no propio paso, co conseguinte risco para as persoas.

Tras máis de dúas semanas dende que o goberno do Partido Popular se comprometeuse a actuar para resolver a situación, nada se fixo.

O BNG denuncia a deixadez do Goberno local do PP, e apela a súa responsabilidade para arranxar esta situación antes de que haxa que lamentar algunha desgracia.



Ana Pontón, na Festa Nacionalista de Soutomaior

A Portavoz do BNG no Parlamento Galego, Ana Pontón, participará na Festa Nacionalista que organiza o BNG-Soutomaior para preparar o Día da Patria.

Esta Cea-Festa terá lugar o vindeiro **sábado, día 21 ás 22 horas na Casa de Pobo de Lourido.**

O prezo da cea é de **8 euros** e as persoas interesadas poderán anotarse antes do luns 16, contactando cos compañeiros e compañeiras de Soutomaior ou no propio local comarcal.

■ O PP consuma o engano aos veciños e veciñas de Curro ao non acometer a reforma da PO-531

Desde que o PP chegou ao goberno da Xunta na primavera de 2009, o único que fixo a respecto da mellora da PO-531 foi enganar aos veciños con desculpas periódicas, para non investir un euro na mesma.

Tal e como ten denunciado o BNG, a reforma do proxecto xa estaba acordada e pactada co anterior goberno da Xunta, e o PP adicouse todo este tempo a tentar confundir con modificacións do proxecto, novos anuncios de novas modificacións, presentacións varias do mesmo proxecto, é dicir, con enganos contínuos, para acabar recoñecendo que van rematar a lexislatura sen investir nada na mellora desta estrada, tan perigosa para a circulación das persoas e vehículos.

A respecto do nó pequeno xa é o colmo que o conselleiro diga que non sabe que vai facer. Máis ben debera recoñecer que non vai facer nada.

Outro dos compromisos que se lle esquece ao PP é o que fixeron en febreiro de 2008 Ana Pastor, Rafael Louzán, Telmo Martín e o propio Agustín Hernández de que se chegan ao goberno suprimirían a peaxe da autoestrada entre Pontevedra e Curro. Xa están en todos os gobernos e dese compromiso non queren nin falar.

Os veciños e veciñas de Curro levan anos soportando as molestias e a inseguridade que supón o desvío do tráfico polas obras do macronudo, pero eles non van ver ningunha mellora nas súas condicións de vida nin na súa seguridade, xa que o PP vén de confirmar que non se vai facer nada nin na mellora da estrada nin nos cruces tan perigosos que dan a ela.



PO-531

■ O BNG informa sobre a suba de impostos e impulsa a recollida de reclamacións

Coa asistencia de numerosos veciños e veciñas, o BNG realizou un acto para explicar a suba do IBI (a máxima legalmente posíbel) aprobada polo Concello de Barro e que afectará gravemente ás economías familiares. Compre lembrar que na Ordenanza aprobada se establece que as casas situadas en rústico van pagar unha cuota do imposto (tipo impositivo) equivalente ao 1% do valor catastral. Isto significa unha suba a respecto do que se abona na actualidade por este imposto dun 150%.

Ademais hai que destacar que o valor catastral destas vivendas foi incrementado nunha media dun 200%. A ese valor catastral actualizado é ao que se lle vai aplicar o novo tipo impositivo, co que a suba do IBI para estes inmobeis vai ser desorbitada, máis do 750%.

Hai que sinalar que o Concello está facultado para establecer un coeficiente entre o 0,50% e o 1,00%, prevendo a Lei que en caso de non comunicación se aplicará o 0,50%. Pero o Concello de Barro optou polo tipo máximo. Optouse pola maior carga impositiva para os veciños e veciñas.

O BNG está a impulsar unha recollida masiva de reclamacións para solicitar a revocación do acordo plenario e que se estebeleza o mínimo contemplado na lexislación.

Portas

O BNG tacha de indigno ao alcalde de Portas e esixe, polo ben do pobo, a súa dimisión

Que Roberto Vázquez é un defraudador era un secreto a voces antes de que el mesmo llo confirmase á Fiscalía e á Avogacía do Estado.

Que un defraudador non pode ostentar un cargo público é algo obvio desde o punto de vista da ética política e da dignidade do cargo.

Pero Roberto Vázquez segue aferrándose ao seu cargo de alcalde. Arroupado polos mesmos que lle taparon todos os chanchullos, que fixeron ouvidos xordos e taparon os ollos unha e mil veces ante todas as evidencias, continuará como alcalde dos homes e mulleres de Portas.

A vida continuará, pois, en Portas como até agora... paralizada. Pero cunha salvedade, o noso concello será famoso no país enteiro non polo que se fai ou poida ofrecer, senón por ter como alcalde un delincuente confeso. As veciñas e os veciños de Portas non nos merecemos semellante espectáculo. Por dignidade, para que o concello poida lavar a súa imaxe e para que poida saír da parálise na que atopa, Roberto Vázquez debe dimitir. E debe facelo xa, sen máis demora.



O alcalde de Portas, acompañado recentemente da plana maior do PP pontevedrés. Un partido que sempre o avalou a pesar de coñecer desde hai moito tempo a gravidade e a veracidade das acusacións contra el.

Caldas

O BNG esixe que a Igrexa pague o IBI

En función dos acordos subscritos entre o Estado español e a Santa Sede en 1976 e 1979, a Igrexa Católica conserva varios privilexios, impropios dun Estado que se declara aconfesional. Parte destes privilexios son de carácter económico, o que supón que a Igrexa Católica goce dun financiamento e condicións económicas excepcionais. Así, obtén financiamento directo mediante o IRPF e está exenta do pago de varios impostos. Entre eles, goza dunha exención no pagamento do IBI por todos os bens inmóbeis que posúe.

Na situación actual de grave crise económica, cunhas consecuencias que están a repercutir en toda a poboación, que sofre recortes laborais, sociais e económicos, e que debe cumprir coas súas obrigas tributarias, resulta incomprendible -tendo en conta ademais a delicada situación financeira no ámbito local- que a Igrexa Católica teña o privilexio de non tributar aos concellos polo seu enorme patrimonio, ao tempo que percibe financiamento directo e subvencións para a conservación e mantemento dos seus fondos patrimoniais.

O BNG solicita que o Concello de Caldas revise os acordos coa Igrexa Católica que supoñan a supresión dos seus privilexios, entre eles a exención de pagar o IBI polo seu inmenso patrimonio.



Iñiqui Fernández,
Portavoz do BNG en Caldas

Pontevedra

■ Comezan as festas do verán



Coas Festas de San Bieito de Lérez o 11 de xullo e o Memorial Ricardo Portela, os días 13 e 14, comezan as festas do verán de Pontevedra, que encheran as rúas e prazas da cidade de actividades lúdicas e festivas até o 1 de setembro.

Perto dun cento de grupos galegos actuarán nestes dous intensos meses na cidade de Pontevedra.

■ Día da Memoria Histórica en San Simón

Como vén sendo habitual desde 2009, a Iniciativa Galega Pola Memoria organiza o Día Nacional da Memoria Histórica na Illa de San Simón, que este ano terá lugar o domingo 15 de xullo pola mañá.

A Concellaría de Patrimonio Histórico de Pontevedra e a Asociación Cultural Maio Longo colaboran nesta iniciativa e ofrecen a posibilidade de reservar praza ás persoas interesadas, que deberán enviar un correo electrónico cos datos persoais ao correo electrónico eblanco@pontevedra.eu antes das 13 horas do luns día 9 de xullo. Atenderanse as peticións por orde de chegada até un número máximo de 30 persoas.

■ A parroquia de Salcedo festexa a recuperación dos muíños do Outeiro

Organizado pola AAVV Heroes do Campo da Porta de Salcedo este venres, día 6, e o sábado 7 terá lugar no lugar da Armada a celebración por parte dos veciños e veciñas da recuperación dos muíños do Outeiro.

O venres ás 20:30 h. no Local de Cabanas terá lugar unha conferencia baixo o título "A cultura do pan e os muíños", a cargo do experto en divulgación do patrimonio histórico Xosé Valtierra.

O sábado terá lugar a festa propiamente dita no lugar da Armada, con xogos populares a partir das 17 h., o roteiro dos muíños ás 17:30 h. e unha sardiñada popular a partir das 19 h.



O Memorial Ricardo Portela homenaxe a Seivane

A praza da Ferraría acollerá os vindeiros 13 e 14 de xullo o XIII Memorial Ricardo Portela. Nesta edición compartirán espazo os concertos e a mostra de artesanía e instrumentos tradicionais, que contará coa presenza de 12 artesáns.

Por vez primeira non haberá concurso de agrupacións que se substitúe por concertos e pasarrúas durante as dúas xornadas.

Este Memorial Ricardo Portela pretende homenaxear, tamén, a Xosé Manuel Seivane, falecido en xaneiro deste ano, e que nas anteriores edicións colaborou co Memorial. De feito, un dos premios do concurso era unha gaita Seivane.

Carme da Silva anunciou que o sábado está previsto unha homenaxe tanto a Ricardo Portela como a Xosé Manuel Seivane, na que estarán presentes familiares dos dous mestres gaiteiros de Galiza.



**Rescata os teus dereitos
En BLOQUE, PODEMOS !**



www.bng-galiza.org
facebook.com/bloquenacionalistagalego
twitter.com/abloque

**MANIFESTACIÓN ás 12 da mañá na Alameda
de Santiago de Compostela**